



Asociación de Familias de
Alumnado NEAE
A Cañiza - Pontevedra

Por: Marta Rodríguez Márquez

SOCIAIS

A IDADE ANTIGA



Asociación de Familias de Alumnado NEAE.

A IDADE ANTIGA

Comeza coa invención da **ESCRITURA**
fai unas 5.000 anos, e remata coa
CAÍDA DO IMPERIO ROMANO no ano
476 d.C.



OS POBOS PRERROMANOS

ÍBEROS, CELTAS, FENICIOS, GREGOS e CARTAXINESES



OS CARTAXINESES

Procedían do NORTE DE ÁFRICA. Chegaron no século III a.C. e ocuparon **AS COSTAS LEVANTINAS E BALEARES**.




Tiñan interés no **COMERCIO** e na **CONQUISTA** do **TERRITORIO** para **DOMINAR O MEDITERRÁNEO**.

Fundaron **colonias** como **QART HADASHT** (Cartaxena).

OS FENICIOS

Chegaron á Península a partir do ano 1.000 a.C. Ocuparon o **SUR e o LESTE da Península Ibérica**, e fundaron a cidade de **GADIR** (Cádiz).



Tiñan **INSTALACIÓNS COMERCIAIS** na costa para distribuir produtos polo Mediterráneo.

OS GREGOS

Ocuparon o **NORDÉS PENINSULAR** e fundaron **EMPORION** (Ampurias) e **RHODE** (Rosas), en **Girona**.



NOTA: Tanto os **FENICIOS** coma os **GREGOS** foron **POBOS COLONIZADORES**. Fundaron na Península varias cidades chamadas **COLONIAS** que utilizaban coma BASES.

OS ÍBEROS

Foron os **PRIMEIROS POBOADORES** da Península Ibérica na **IDADE ANTIGA**. Ocupaban as **ZONAS COSTEIRAS** do **MEDITERRÁNEO**.



Dedicábanse á **AGRICULTURA** e á **GADERÍA**.

Tiñan un **SISTEMA PROPIO DE ESCRITURA**.



Desenvolveron a **ESCULTURA**.

Vivían en **POBOADOS FORTIFICADOS**.



OS CELTAS



Chegaron á Península no ano 1.100 a.C.

Procedían de **EUROPA** e ocuparon o **SISTEMA IBÉRICO**, a **ZONA CANTÁBRICA**, os **VALES** do **DOURO** e do **EBRO** e a **MESETA**.

Eran **GANDEIROS** e traballaban o **BRONCE** e o **FERRO**.



Vivían en **CABANAS DE PEDRA**, **ADOBE** e **CANAS**, formando poboados fortificados.



Coñecían a **ESCRITURA**.



Realizaban **esculturas de pedra** que representaban **VERRÓNS** (touros protectores do ganado).

Mesturáronse con Íberos e xurden así os **CELTÍBEROS**.

O IMPERIO ROMANO




O IMPERIO ROMANO

Os ROMANOS habitaban a **PENÍNSULA ITÁLICA** e a súa **capital** era **ROMA**.

Os ROMANOS eran **GUERREIROS**.

Estenderon o seu Imperio por todo o **Mediterráneo**.

O Imperio ROMANO durou desde o ano **27 a.C.** ata o **476 d.C.** (cando morreu o seu último emperador **RÓMULO AUGÚSTULO**).



A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA

Durante a conquista da Península Ibérica polos romanos, tivo lugar o **proceso de romanización**.

Chamaron á Península **HISPANIA**.

ROMANIZACIÓN



Os pobos da Península, adáptanse ás costumes e á forma de vida dos romanos.

Os pobos da Península **ADOPTARON** dos ROMANOS:

O idioma: falaban **LATÍN**

As **LEIS** e as **FORMAS DE GOBERNO**.

Fundaron moitas cidades:

TARRACO (Tarragona)

AUGUSTA EMÉRITA (Mérida)

ITÁLICA (preto de Sevilla)...

Dividiron a Península primeiro en **2 provincias** e despois en **5**.

Construiron:

Calzadas (estradas)



Pontes

Acueductos (para leva a auga dun lado a outro)

Teatros e Anfiteatros


Circos

Termas




A SOCIEDADE ROMANA

Algúns romanos vivían nas **CIDADES ROMANAS**.




Outros romanos vivían nas **VILAS** (gran casa de campo gobernada por un militar cos seus escravos).



Nas vilas practicaban a agricultura e a gandería. Utilizaban o **ARADO**, os **MUÍÑOS**, a **REGA** e os **FERTILIZANTES**.

CLASIFICACIÓN DA SOCIEDADE ROMANA



Tan só os homes libres que lograban ser **CIDADÁNS ROMANOS**, podían votar ou ser elixidos.

A ARTE ROMANA

ARQUITECTURA



TEMPLOS para os deuses.



BASÍLICAS para o comercio
e os xuízos.



TERMAS para baños públicos.



TEATROS, ANFITEATROS e CIRCOS para espectáculos.

ESCULTURA



ESCULTURAS en mármol.

PINTURAS

MOSAICOS



PINTURAS nas paredes dos edifícios.

A IDADE ANTIGA EN GALICIA



Cando os **ROMANOS** chegan ao noroeste da Península, **converten este territorio en PROVINCIA** e chámana **GALLAECIA** (en latín).



ECONOMÍA

Gallaecia tiña unha importante riqueza minera.

Os romanos crearon varias explotación para extraer ouro como:

MONTEFURADO (en Quiroga)

MÉDULAS (no Bierzo)

SOCIEDADE

Xurden as **VILLAE** romanas, adicadas á agricultura e situadas na costa para aproveitar os recursos mariños.

A cidade máis importante de Gallaecia foi **LUCUS AUGUSTI** (Lugo).

Os romanos construíron **PONTES, PORTOS, FAROS, ACUEDUCTOS** e **CALZADAS** (camiños empedrados).

Tamén trouxeron o **ARADO** e **CULTIVOS** (vide, oliveira e cereais).

ARTE/CULTURA

OBRAS PÚBLICAS:

Murallas de Lugo



Torre de Hércules (A Coruña)



Ponte sobre o río Bibei (Proba de Trives)



Ponte romana de Ourense.



IDIOMA:

Xurde o **LATÍN**, que da lugar ao **GALEGO**.

EXERCICIOS

1- A IDADE ANTIGA comeza coa invención da
_____ fai _____ anos, e remata coa
caída do _____
_____, no ano _____ d.C.

2- Cales foron os POBOS PRERROMANOS máis importantes
que se asentaron na Península Ibérica?

3- Cales foron os primeiros poboadores da Península Ibérica
na Idade Antiga?

a) Cartaxineses.

b) Gregos.

c) Íberos.

4- Colorea no mapa, a zona da Península Ibérica na que se
asentaron os Íberos.



5- A que se adicaban os Íberos?

6 - Indica se as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas.

- a) Os Íberos cando chegaron á Península, aínda non coñecían a escritura.
- b) Os Íberos desenvolveros a escultura.
- c) Os Íberos vivían en covas no alto das montañas.
- d) Os Íberos vivían en poboados fortificados.
- e) Os Íberos manexaban moitas técnicas de pintura.
- f) Os Íberos tiñan unha escritura propia.

EXERCICIOS

1- Cando chegaron os **CELTAS** á Península Ibérica?

2- De donde procedían os Celtas?

3- Colorea no mapa, a zona da Península Ibérica na que se asentaron os Celtas.



4- Os celtas adicábanse á _____, e traballaban o _____ e o _____.

5- De que materiais estaban construídas as vivendas dos Celtas?



- a) De ferro e madeira.
- b) De pedra e bonce.
- c) Pedra, adobe e canas.

6- Cal é a escultura máis significativa dos Celtas? _____

Que representan? _____

_____.

7- Cando os Celtas se mesturan cos Íberos, xurden os:

- a) Os Cartaxineses.
- b) Os Celtíberos.
- c) Os Fenicios.

EXERCICIOS

1- Os Fenicios chegaron á Península a partir do ano _____
a.C.

2- Colorea no mapa, a zona da Península Ibérica na que se asentaron os Fenicios.



3- Que cidade importante fundaron os Fenicios? _____

Sinálala no mapa de arriba.

4- A que se adicaban os Fenicios?

- a) Tiñan grandes plantacións de cereais.
- b) Tiñan instalacións comerciais na costa para distribuir produtos polo Mediterráneo.
- c) Domesticaban animais.

EXERCICIOS

1- Colorea no mapa, a zona da Península Ibérica na que se asentaron os Gregos, e indica as cidades que fundaron e o seu nome.



2- Os Gregos foron pobos:

- a) Colonizadores.
- b) Nativos.

EXERCICIOS

1- Que nome lle puxeron os Romanos á Península Ibérica?

2- Que idioma adoptaron os pobos da Península Ibérica durante a romanización?

a) Grego.

b) Astur.

c) Latín.

3- Relaciona:



Circo

Acueducto

Calzada

Teatro

Termas


Anfiteatro

Ponte



4- Nomea 3 cidades que crearon os Romanos na Península Ibérica:

5- Indica qué tipo de construción é cada un dos números que aparecen nesta cidade romana.



1- _____

2- _____

3- _____

4- _____

5- _____

6- _____

7- _____

8- _____

6- Que é unha vila romana?

7- Completa cada recadro con número que corresponda co nome de cada parte desta vila romana.



1 - Cultivos

2 - Vivendas

3 - Balsa

4 - Curral

5 - Cortes

6 - Ferrería

7 - Almacén

8 - Forno

9 - Presa de aceite

10 - Muíño


11 - Celeiro

8- A que actividade económica se adicaban principalmente nas vilas romanas? _____



9- Completa o esquema:

CLASIFICACIÓN DA SOCIEDADE ROMANA



Tan só os homes libres que lograban ser _____, podían votar ou ser elixidos.

10- Relaciona:



Edificio destinado
para o comercio e
os xuízos.

Circo
Basílica
Templo
Teatro
Termas
Anfiteatro
Circo

Edificio destinado
para os deuses.

Edificio destinado
para baños públicos.

Edificio destinado
para espectáculos.

11- Que material empregaban os Romanos para as súas esculturas?

- a) Madeira.
- b) Ferro.
- c) Mármol.

12- Onde realizaban as pinturas os Romanos?

- a) Nas paredes da covas.
- b) Nas paredes dos edificios.
- c) No chan dos edificios.

13- Onde preferían usar mosaicos os Romanos?



EXERCICIOS

1- Cando os ROMANOS chegan ao noroeste da Península, converten este territorio en _____ e chámana _____ (en latín).

2- Indica no mapa onde se atopaba GALLAECIA.



3- Completa:

ECONOMÍA

Gallaecia tiña unha importante riqueza

_____.

Os romanos crearon varias explotación para extraer _____ como:

_____ (en Quiroga)

_____ (no Bierzo)

4- Completa:

SOCIEDADE

Xurden as _____ romanas,
adicadas á _____ e situadas na
costa para aproveitar os recursos mariños.

A cidade máis importante de Gallaecia foi
_____ (Lugo).

Os romanos construíron _____,
_____, _____,
_____ e _____
(camiños empedrados).

Tamén trouxeron o _____ e
_____ (vide, oliveira e cereais).

5- Relaciona:



Torre de Hércules

Ponte romana de
Ourense

Ponte do río Bibei

Muralla de Lugo



6- Que lingua deu orixe ao GALEGO?
